



Colexio Oficial de
Traballo Social
de Galicia

PLAN DE ACTIVIDADES -2021-

COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA

ÍNDICE DE CONTIDOS

1. **PRESENTACIÓN**
2. **XUNTA DE GOBERNO**
3. **EQUIPO TÉCNICO, COMISIÓNS E GRUPOS DE TRABALLO**
4. **MISIÓN E VALORES**
5. **EIXES ESTRATÉXICOS DE ACCIÓN**
 - 5.1. Defensa da profesión
 - Defensa corporativa e da boa praxe
 - Defensa ante a Administración autonómica
 - Defensa ante a Administración local
 - 5.2. Avaliación e defensa do Sistema de Servizos Sociais
 - 5.3. Representación da profesión – relacións institucionais
 - 5.4. Área de coñecemento
 - Formación profesional continuada
 - Novos espazos de debates – Encontros virtuais colexiais
 - Outras actividades
 - Publicacións – Revista Fervenzas
 - Investigacións
 - 5.5. Ámbitos / Áreas de intervención:
 - Servizos Sociais Comunitarios Básicos
 - Saúde
 - Inclusión
 - Educación
 - Feminismos / Igualdade
 - SAF
 - Xustiza
 - Exercicio libre
 - Infancia e Familia
 - Emerxencias e Grandes Catástrofes
 - Dependencia e discapacidade
 - Ética e deontoloxía
 - Vulnerabilidade e despoboamento do rural
 - 5.6. Comunicación e redes sociais
 - 5.7. Acción social
6. **REGULAMENTO INTERNO COTSG**
7. **ELECCIÓNS XUNTA DE GOBERNO 2021**

1. PRESENTACIÓN

Segundo a **FITS**, a disciplina académica do **Traballo Social** promove o cambio e o desenvolvemento social, a cohesión social, o fortalecemento e a liberación das persoas. Os principios de **xustiza social**, os **dereitos humanos**, a **responsabilidade colectiva** e mais o **respecto para a diversidade** son fundamentais para a nosa profesión.

Atendendo ao contexto de crise, aos grandes cambios de modelos estruturais e ao vertixinoso avance tecnolóxico, é de rigor resaltar que o Traballo Social é unha disciplina que fica sempre a carón das persoas máis vulnerables acompañándoas nos seus procesos vitais. A nosa profesión está de xeito implacable en primeira liña coas comunidades e familias, na protección a infancia/adolescencia, promovendo a autonomía e o envellecemento activo dentro dun marco de sociedades sostibles, solidarias e de coidados.

Facer fronte ás novas barreiras estruturais que continúan a perpetuar desigualdades, pon en evidencia a necesidade de creación de espazos de discusión e reflexión liderados polo Traballo Social, onde as e os profesionais poidan acordar e planificar novas estratexias de acción que mitiguen a pobreza e promovan a inclusión e a cohesión social.

Resulta imprescindible incidir nas políticas públicas e revertir a pirámide de prioridades dos actuais sistemas, situando de novo ás persoas no eixe central dende unha perspectiva humanista, ecoloxista, feminista e de responsabilidade colectiva. Neste senso, dende as estruturas colexiais débese contribuír ao crecemento e ao desenvolvemento profesional ampliando os

coñecementos do colectivo e impulsando **novas e boas prácticas**, defendendo a **independencia** e velando pola **deontoloxía profesional**, garantindo así á cidadanía a máxima calidade nas actuacións. Asemade, é fundamental fomentar no colectivo profesional o coidado mutuo con accións que potencien o autocoidado e velen pola saúde da nosa profesión.

“É imprescindible incidir sobre as políticas públicas pondo no centro ás persoas”

Dende a Xunta de Goberno do Colexio Profesional de Traballo Social de Galicia queremos involucrar á toda a profesión e rede colexial na necesidade dunha **participación proactiva** canalizando as sinerxias de toda a profesión, fomentando as alianzas comúns e utilizar o consenso como método de toma de decisión.

O COTSG conta con máis de 30 anos de historia na comunidade galega, é un logro froito do esforzo individual de moitas/os compañeiros/os apaixonados pola nosa profesión. Desde o inicio, apostaron pola defensa dos intereses das e dos Traballadores sociais, cuestionaron as condicións estruturais que levan á exclusión social e á opresión, e impulsaron iniciativas de cambio que nos situaron como profesionais referentes no ámbito social.

O Traballo Social xa vén demostrando ser unha profesión comprometida coa estabilidade social, así como imprescindible e relevante nas vidas das persoas, das comunidades, e por suposto, na persecución dos dereitos humanos e da xustiza económica, ambiental e social.

“O COTSG conta con máis de 30 anos de historia, un logro froito do esforzo”

*Miriam Rodríguez Sierra
Presidenta do Colexio Oficial
de Traballo Social de Galicia*

2. XUNTA DE GOBERNO

A Xunta de Goberno do COTSG adhírese ao “Código de Buen Gobierno” do Consello Xeral de Traballo Social.

O Código de Bo Goberno ten por obxecto establecer os principios orientadores, procesos e as normas de conduta que deben respectar os membros das Xunta de Goberno dos Colexios profesionais, profesionais empregadas/os na organización e, en xeral, persoas ou institucións que manteñan colaboración estreita coa institución, na consecución da misión e o cumprimento dos valores coa máxima transparencia e eficacia.

Esta Xunta de Goberno **COMPROMÉTESE** ao Código do Bo Goberno nos seus principios éticos de actuación no cargo que poidan ostentar:

CUMPRIMENTO DEONTOLÓXICO:

Defender os valores, principios e deberes recollidos no Código deontolóxico do Traballo social e na Declaración de principios da FITS.

RESPECTO AOS DEREITOS FUNDAMENTAIS E LIBERDADES PÚBLICAS:

evitando toda actuación que poida producir discriminación algunha ou que atente, dalgunha forma, contra os dereitos e liberdades fundamentais recollidos na Declaración Universal de Dereitos Humanos.

INTEGRIDADE:

o que implica non abusar da posición dos órganos de goberno do Consello Xeral, Presidencia, Xunta de Goberno e membros da Asemblea para beneficio ou ganancia persoal. Non aceptación de ningún trato de favor ou situación que implique privilexio ou vantaxe inxustificada; abstención en asuntos nos que a existencia dun interese persoal poida supoñer un conflito de intereses cos seus cargos; uso dos recursos e bens do Colexio de Traballo Social con austeridade.

RESPONSABILIDADE:

no cumprimento das tarefas que nos correspondan ou sexan encomendadas. Asumiremos as consecuencias que se desprendan do cumprimento das tarefas encomendadas, sexan estas positivas ou negativas.

RESPECTO E CALIDEZ:

O que supón recoñecer e considerar a cada persoa como ser único, con intereses e necesidades, e o compromiso dun trato amable e afaible na atención e servizo derivados do cargo.

TRANSPARENCIA:

Serviremos ao interese da profesión obrando dunha maneira aberta e promovendo a responsabilidade individual e o exemplo persoal.

XUNTA DE GOBERNO



3. EQUIPO TÉCNICO, COMISIONS E GRUPOS DE TRABAJO



Susana Neo

Auxiliar Administrativa no Departamento de Administración desde 2000.



Aquilino Rei Santiago

Integrante do departamento de Administración do Colexio desde 1997.



Nerea Fernández

Traballadora social. Coordinadora do COTSG e da Quenda especializada en Violencia de Xénero de Galicia.



Fe Sampayo

Traballadora Social. Técnica do Departamento de Formación. Planifica e coordina a formación desde hai 5 anos.



Ana Fungueiriño

Traballadora social. Xestión do portal MATIASS, convenio coa Consellería de Política Social. Coordinadora de edición da Revista Fervenzas. Publicacións.



Emma Lamas

Traballadora social. Responsable da área de Defensa da Profesión e Grupos de Traballo do COTSG.



Julia Álvarez

Avogada. Asesoría Xurídica do Colexio. Asesoramento legal á colexiación no exercicio da profesión e soporte técnico xurídico ao equipo do COTSG.



Manuel Penido

Técnico do SIUSS. Ex docente na Escola Universitaria de Traballo Social de Santiago de Compostela. Formador de cursos SIUSS do Ministerio de Asuntos Sociales y Agenda 2030



Francisco Cortez-Lobão

Xornalista e xestor de redes sociais. Responsable de comunicación e relación cos medios de prensa.

As Comisións constitúen unha ferramenta ao dispor das persoas colexiadas para colaborar, desenvolver, investigar e aportar traballo nunha área ou eido do Traballo social, que permite avanzar na profesión, mellorar o coñecemento e dar visibilidade sobre a temática traballada..

Actualmente, o Colexio conta coas Comisións que seguen:

- **Comisión Deontolóxica:** É un órgano independente adscrito ao COTSG que ten como finalidade promover o compromiso ético dos/as profesionais do traballo social, así como velar polo cumprimento do Código Deontolóxico. Entre os seus fins está o de preservar os valores e os principios do Traballo social e garantir unha boa praxe profesional e promover a cultura e a formación na deontoloxía profesional.
- **Comisión Técnica de Igualdade:** Nace por necesidade estratéxica do COTSG co obxectivo de crear un espazo de persoas expertas en Igualdade que analicen a situación actual neste ámbito e loiten pola súa mellora: Quenda de Garda Social en V.X., figura do traballador/a nos CIMS e nos corpos e forzas de seguridade, nos Xulgados , protocolos de actuación, investigación...
- **Comisión de SAF:** Creada no ano 2018 co obxectivo de definir as liñas estratéxicas a traballar neste eido.
- **Comisión de Infancia e Familia:** Nace co obxectivo de asesorar ao COTSG en canto ás políticas públicas de protección da familia e da infancia. Analiza as eivas do Sistema de Protección de menores e reclama a mellora do mesmo en canto a ratios, cobertura de prazas, clarificación de funcións, especialización dos/as profesionais...etc.



Os Grupos de Traballo pretenden ser unha ferramenta activa e flexible que permita potenciar o compromiso do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia (COTSG) coa profesión e cos/as profesionais que representa, ao promover o estudo das necesidades deste colectivo en distintos ámbitos de traballo, introducindo novas propostas para a resolución de problemas comúns e favorecendo o desenvolvemento e ampliación de coñecementos en áreas de traballo social e servizos sociais que están menos desenvoltas.

A constitución e posta en funcionamento de Grupos de Traballo debe realizarse dun xeito minucioso, establecendo uns criterios de composición e funcionamento cunha base común, independentemente de que a área temática que desenvolvan sexa diferente. Por tal motivo, un dos obxectivos é a elaboración do Regulamento de Réxime interno dos grupos de Traballo.

Os Grupos de Traballo actuais do Colexio son:

- **Traballo Social e SAF:** Nace coa finalidade de contribuír e compartir as problemáticas máis comúns na xestión e coordinación dos Servizos de Axuda no Fogar tanto públicos como privados, traballar na creación de modelos, protocolos e ferramentas de traballo que contribúan a mellorar a xestión do servizo, realizar propostas ou modificacións para demandar ás administracións a nivel normativo e de inspección, valorar a situación laboral dos/as técnicos/as de xestión do SAF tanto a nivel de ratio como de función e crear un espazo de diálogo e reformulación do SAF de cara ao futuro.
- **Traballo Social en Educación:** Recupera e visibiliza a figura do/a traballador/a social no sistema educativo.
- **Traballo Social e SS.SS. Comunitarios:** Loita por garantir unha intervención social de calidade e Reivindicar as eivas atopadas no sistema básico de Servizos Sociais (ratios, salarios, convocatorias, excesiva carga burocrática, etc.).
- **Traballo Social e Feminismos:** Espazo de loita e debate, onde se potencia o activismo social feminista para sensibilizar, protexer e impulsar os dereitos do colectivo feminino dentro de calquera eido da sociedade.
- **Traballo Social e Exercicio libre:** Visibilizar novos nichos de mercado e compartir experiencias laborais no exercicio libre do traballo social a coñecer a situación laboral dos/as traballadores/as sociais que exercen por conta propia.
- **Traballo Social e Inclusión:** Xorde a partir das inxerencias profesionais dun grupo de traballadoras sociais da Estratexia de Inclusión Social de Galicia, co obxectivo de defender as políticas e actuacións encamiñadas a lograr a inclusión sociolaboral das persoas en situación ou risco de exclusión social, visibilizar o traballo das equipas e traballadores/as sociais da EIS, recuperar a rede creada e a coordinación neste eido e crear novos espazos de intercambio de experiencias.
- **Traballo Social Sanitario:** Defensa da profesión sanitaria e reivindicación de prazas laborais no SERGAS.

4. MISIÓN E VALORES



Os Estatutos Particulares do COTSG regulan o funcionamento da entidade colexial, na que se recollen os seus fins esenciais:

- Ordenación do exercicio da actividade profesional
- Representación exclusiva da profesión na Comunidade Autónoma de Galicia
- Observancia dos principios xurídicos, éticos e deontolóxicos
- A formación permanente das persoas colexiadas
- Defensa dos intereses profesionais das persoas colexiadas

Entre as funcións máis salientables do Colexio Profesional están a de exercer a representación que establezan as leis; colaborar coas Administracións Públicas e outras entidades en relación coa disciplina do Traballo Social; promover a participación activa, fomentando o asociacionismo; perseguir e denunciar o intrusismo profesional, así como a ilegalidade no exercicio da profesión; velar polo cumprimento dos principios éticos e criterios profesionais; procurar a harmonía e colaboración entre as persoas colexiadas, así como o desenvolvemento de servizos e actividades que redunden nunha mellora da calidade da intervención social.

A defensa dos valores profesionais que a Xunta de Goberno promulga debe facerse desde:

- » O compromiso coa profesión, os Colexios e os/ as profesionais.
- » Unha filosofía de traballo baseada na cooperación, a cohesión, a creación de redes e a acción.
- » A potenciación da identidade profesional.
- » A aposta polo impulso dos diferentes sectores profesionais.
- » A xestión socialmente comprometida, transparente e ética.
- » O rigor profesional.
- » A perspectiva de xénero en todas as nosas actuacións.
- » O traballo en equipo, sumando sinerxias e alianzas estratéxicas para o logro de obxectivos.
- » O fomento da participación activa e a participación social.

5. EIXES ESTRATÉXICOS DE ACCIÓN

5.1 DEFENSA DA PROFESIÓN

O **Colexio** defende o noso exercicio profesional nas súas distintas áreas, **velando pola profesión** e polo **benestar do colectivo** na execución das súas responsabilidades profesionais, combatendo o intrusismo profesional e contribuíndo a unha maior profesionalización das súas persoas colexiadas. Así, crease un espazo onde se axuntan os esforzos de todo o colectivo como ferramenta de participación e de inserción das nosas **formulacións e reivindicacións ante o conxunto da sociedade, sendo o portavoz para facer análises e propostas concretas as administracións.**

Neste senso, o COTSG aposta pola mellora da praxe profesional, pola reclamación de todas as eivas detectadas nos diferentes eidos de actuación, por loitar contra o intrusismo profesional, por velar pola legalidade de bases e procesos selectivos, cobertura de prazas, incumprimento de ratios...etc.

A defensa da profesión lévase a cabo en conxunto coa Asesoría Xurídica do COTSG. O Colexio pon a disposición de todas as persoas colexiadas un servizo gratuito de Asesoría Xurídica, que presta a **Letrada Julia Álvarez Martín**, para facilitar a orientación e asesoramento legal en asuntos relacionados co exercicio da profesión.

Dende o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia cremos na importancia de coñecer de antemán tanto os nosos dereitos como as nosas obrigas, así como as posibles consecuencias xurídicas das diferentes actuacións que levamos a cabo diariamente no noso traballo, sendo fundamental contar cun asesoramento legal que evite ou minore os problemas ou inconvenientes que xorden con certa periodicidade no devir das diferentes relacións e actos aos cales nos enfrontamos como traballadores e traballadoras sociais.

5.1.A) Defensa corporativa e da boa praxe

A colexiación é obrigatoria e única para aqueles/as profesionais que traballen para unha administración pública ou desempeñen a súa actividade profesional de forma privada. Colexiarse é un exercicio de responsabilidade de cada profesional. Unha garantía de compromiso deontolóxico e de boa praxe profesional.

Así mesmo, a colexiación é un dereito: o dereito á representación dos nosos intereses, á promoción do papel dos/as traballadores/as Sociais na nosa sociedade e á ordenación do exercicio profesional.

En definitiva, o COTSG debe apostar por esta responsabilidade, traballando para defender a profesión e para que as persoas que se dedican ao Traballo Social se sintan representadas.

O COTSG, consolidado cunha colexiatura de máis de 3.000 persoas colexiadas, cremos que é momento de instar a aqueles/ as profesionais que non están colexiadas a que se colexien.

Partindo do traballo realizado con carácter anual propoñemos desenvolver unha campaña específica de divulgación da colexiación. Dirixida tanto a profesionais, administracións, terceiro sector e universidades. Queremos que estes materiais sexan moitos máis visuais e directos, como poden ser a elaboración de cartelería, imaxes, ou vídeos divulgativos.

Ademais, queremos contar coa implicación tamén coa participación da cidadanía. A colexiación permítenos ordenar o exercicio da profesión garantindo que estes e estas profesionais colexiadas réxanse por unhas normas deontolóxicas fixadas pola profesión, o que supón unha salvagarda dos dereitos dos e as cidadás.

5.1.B) Defensa ante a Administración autonómica

O Colexio de Traballo Social é o encargado de velar pola defensa da profesión en todas as súas vertentes, debendo incidir naqueles aspectos que se consideren inxustos para a profesión e visibilizando sempre a súa presenza naqueles campos onde sexa imprescindible a súa figura.

Neste ano diferente, pola situación sociosanitaria actual, o Colexio tivo que continuar coa apertura de novas fronteiras de actuación, sen esquecer en ningún momento o resto de fronteiras xa abertas, que se detallarán a continuación.

En relación á **COVID** cabe destacar que o [Colexio esixiu ante a Campaña de Vacinación da Consellería de Sanidade](#), unha vez posta en marcha e baseándose no carácter de colectivo esencial, a vacinación de todo o persoal do Servizo de Axuda no Fogar, ampliando posteriormente a todo o colectivo de traballadores/as sociais e reiterándoo en numerosas ocasións.

A pesar da insistencia, este Colexio non recibiu a resposta agardada, continuando o colectivo co traballo en primeira liña de atención, tal e como xa se veu facendo dende o inicio da pandemia.

Nesta mesma liña, fixéronse achegas ao **Plan de continxencia COVID do Sergas**, solicitando que fora tida en conta a figura do/a traballador/a social sanitario/a nas unidades multidisciplinares de seguimento de Pacientes COVID-19, para garantir unha adecuada abordaxe integral

Para darlle continuidade ao ámbito sanitario, o COTSG iniciou as seguintes actuacións: Presentáronse alegacións, xunto coa Asociación Estatal de Traballo social sanitario, á **Carteira de Servizos de enfermería e medicina**, ante a detección de solapamento de funcións propias do Traballo Social e para a incorporación da nosa figura.

Así mesmo, e trala aprobación da Lei da regulación da Eutanasia, achegouse petición á Consellería de Sanidade, para a participación dos/as traballadores/as sociais nas **Comisión Galega de Garantía e Avaliación da Eutanasia**, como parte do equipo interdisciplinar.

Vista tamén a proposta de **Estratexia Galega en Enfermidades Raras**, o Colexio decidiu presentar tamén consideracións de mellora ante o borrador de Algoritmo de Atención Social a pacientes con enfermidades raras.



Relativo tamén á Consellería de Sanidade, pero neste caso en relación coa planificación e dotación de recursos humanos do SERGAS, o COTSG reclamou á Xerencia en Ourense a **cobertura de prazas de Traballo Social publicadas no Plan de Saúde Mental Poscovid 2020-2024**, a cobertura da **xefatura de servizo de traballo social na área sanitaria de Lugo, a Mariña e Monforte** e a garantía de transparencia e claridade **nos chamamentos** de cobertura de postos vacantes e temporais das **listaxes de contratación**.

Outra das liñas específicas que o COTSG está a traballar, é o apoio á **Rede galega de tratamento de adiccións**, trala problemática presentada polos equipos interdisciplinares e a incertidume en canto á integración, debendo velar pola súa continuidade e reforzo.

Outro dos ámbitos nos que esta Xunta de Goberno está a poñer énfase para a súa mellora é no Servizo de Axuda no Fogar. Considérase necesaria unha revisión deste servizo, xa que presenta numerosas eivas e deficiencias dende a implantación da Lei de Dependencia, xerando grandes dificultades tanto para os/as profesionais que prestan o servizo como para as persoas usuarias. Reclámase nesta liña a revisión da lexislación, a heteroxeneidade de criterios, a importancia da coordinación... Para isto estanse a facer todas as achegas posibles á Consellería de Política Social, tanto de xeito específico deste servizo como en xeral do **Sistema de Atención á dependencia e de coidados**.

O Colexio está a esixir, en conexión co apartado 5.2. desta memoria, un **Novo modelo de Sistema de Servizos Sociais**, garantista en canto á dereitos subxectivos. Neste senso, cabe destacar o esforzo por unha **inclusión plena** e unha intervención social de calidade. Isto pasa pola desvinculación da tramitación, sobre todo daquelas xestións que non son parte nin propias do Sistema de Servizos Sociais, tales como as xa reclamadas medidas de **reforzo do Ingreso Mínimo Vital**, os **bonos sociais eléctrico e térmico**, etc.

Tamén se presta atención a todas aquelas eivas que se observan nos **Servizos Sociais, tanto Comunitarios básicos como específicos ou especializados**. Destacar a reclamación da interpretación da Orde do 29 de decembro de 2020 que regula as AUXS, a reclamación da busca de medidas áxiles de axuste para a convivencia RISGA-IMV e evitar a xeración de cobros indebidos, as aportacións para a mellora do SIUSS, etc.

A nivel autonómico o COTSG tamén presta atención ás convocatorias de selección de persoal da Dirección xeral de Función Pública e da Consellería de Sanidade, velando polos dereitos do colectivo e polo cumprimento dos principios de mérito, igualdade, capacidade, transparencia e seguridade xurídica.

5.1.C) Defensa ante a Administración local

O Colexio tamén debe facer un seguimento dos/as traballadores/as sociais á cargo da Administración Local, en canto ao acceso aos postos que se convoquen como nos dereitos que lles corresponden.

Para isto, revísanse todas as convocatorias que se coñezan e vélese, como entidade de representación e mediante a **interposición de recursos**, polo cumprimento dos principios de acceso ao emprego público.

Asemade, e á vista das carencias neste senso, o COTSG aposta pola **elaboración e difusión** dun [modelo de bases para procedementos de selección](#) de traballadores/as sociais dos SS.SS. Comunitarios da administración pública local de Galicia, e pola elaboración dun documento de recomendacións e [consideracións](#) sobre as mesmas e polo uso da **listaxe de Tribunais** do COTSG, garantindo a calidade dos procesos.

5.2 AVALIACIÓN E DEFENSA DO SISTEMA DE SERVIZOS SOCIAIS

O Sistema de Servizos Sociais, denominado IV Piar do Estado de Benestar, persegue construír unha sociedade máis inclusiva. Para isto é necesario garantir o dereito de todas as persoas ás prestacións sociais, a través da planificación de políticas sociais e a elaboración de normativas que definan competencias e articulen a súa estrutura nos diferentes ámbitos da administración pública.

O Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia, aposta por camiñar e traballar cara a outro modelo, tendo en conta todos os cambios sociais das últimas décadas e visto que existen elevadas carencias en canto á protección social e á garantía de dereitos sociais á cidadanía.

Un novo modelo de benestar apoiado en 6 piares: servizos sociais, educación, sanidade, vivenda, emprego e garantía de rendas.

Neste senso, apostamos por un modelo de servizos sociais de carácter público, universal, garantista, cun enfoque totalmente comunitario, preventivo e descentralizado na atención social.

Debe dirixirse á garantía dunha serie de dereitos, orientados cara a autonomía persoal, a protección e a inclusión social, onde o Estado debe ser o principal garante destes dereitos, pero fomentando a participación activa, tanto das entidades de iniciativa social como da cidadanía na súa autodeterminación polo desenvolvemento dos mesmos.

O modelo organizativo debe de ser descentralizado en niveis; atención primaria, básica ou comunitaria, e atención especializada, onde prime a intervención social fronte á xestión prestacional (reducindo os trámites burocráticos prescindibles), potenciando a interacción humana e o enfoque proactivo. Deben poñerse a disposición do Sistema os medios materiais e humanos necesarios para complementar, interrelacionar e axilizar as posibilidades de cada servizo.

Nesta organización do sistema débese promover a creación e o desenvolvemento de instru-

mentos e mecanismos de relación interadministrativa que garantan unha actuación coordinada e en rede no campo do benestar social e a igualdade, tendo en conta todos os servizos e recursos, públicos ou privados, dos sistemas de saúde, do sistema educativo, do sistema penitenciario, de emprego, vivenda, migracións...etc. para acadar a garantía de continuidade de atención, e que as persoas deban recibilo como un todo integrado, que só será posible se se actúa de xeito sinérxico. É importante recalcar a necesidade dunha atención sociosanitaria, permitindo á cidadanía transitar por ambos sistemas de forma fluída e sen disolución de continuidade.

Para esta ambiciosa aposta, e co obxectivo de elaborar un diagnóstico do actual Sistema de SS.SS., o **COTSG crea un grupo de traballo experto** formado por 8 persoas dos diferentes eidos, que colaborará en nome do Colexio (a través dun convenio de colaboración e contrato de investigación) co **Departamento de Análise e Intervención Psicoeducativa da Universidade de Vigo**.

Esta colaboración pretende, en dúas fases con periodicidade bianual, dar resposta á necesidade de diagnosticar o Sistema de SS.SS. actual (ratios, estrutura dos servizos, burocratización, grao de intervención, nivel formativo dos/as profesionais...) e presentar as propostas de cambio que se deduzan da investigación.

5.3 REPRESENTACIÓN DA PROFESIÓN- RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

Esta liña é un dos principais fins do Colexio: a representación exclusiva da profesión no seu ámbito territorial e a defensa dos intereses profesionais da Colexición.

Desde o COTSG queremos incrementar a influencia profesional do Traballo social, posiciónándonos desde un enfoque colaborativo, nunha situación relevante tanto ás organizacións profesionais, ás universidades, administracións e entidades.

Deste xeito, reforzamos a disciplina común desde os diferentes eidos especializados onde nos desempeñamos as/os traballadoras/es sociais. Os obxectivos nesta área serán:

- Reivindicación profesional con administracións e grupos político
- Presencia en órganos de representación o seguimento institucional
- Colaborar en distintos órganos consultivos, consellos ou outros instrumentos de cooperación entre administracións.
- Xerar unha rede coordinada de participación con entidades de terceiro sector, tecidos asociativos, plataformas sociais, e cidadás en defensa do estado de benestar.
- Establecer acordos, convenios de colaboración con entidades e administracións.

Actualmente o COTSG forma parte do Consello Sectorial de Saúde de A Coruña, Consello Sectorial de Inclusión de A Coruña, Comisión de Violencia de Xénero de Ourense, Consello Técnico de Atención Primaria, Consello galego de Saúde, Consello Sectorial de Familia, Benestar social e Igualdade, Conselleiro Galego de Benestar social. Observatorio Galego de Violencia de Xénero, etc.

Continuamos a ocupar espazos onde creemos que o Traballo social galego debe de estar, como nas Comisións de Reconstrucións socioeconómicas, representación no Sistema central de saúde, etc.

5.4 ÁREA DE COÑECEMENTO

O seu **obxectivo xeral** é promover e facilitar una oferta formativa de calidade para a colexiación. Os seus **obxectivos específicos** inclúen:

- Elaborar unha **oferta formativa** que combine os intereses da colexiación e as áreas de carácter innovador e/ou estratéxico establecidas desde o Colexio, o máis vantaxosa posible para a colexiación desde o punto de vista económico.
- Establecer e/ou renovar **convenios de colaboración** con entidades cara a conseguir a **financiación** de accións formativas e/ou proxectos de interese para o Colexio.
- Promover o **recoñecemento** polas Administracións Públicas da formación impartida desde o Colexio.
- Explorar **vías de colaboración** con Universidades ou outras Administracións Públicas cara a conseguir que a formación impartida teña recoñecemento oficial.
- Potenciar a **difusión da formación** mediante a identificación de novas canles, ferramentas, entidades, etc para chegar a un número maior de potenciais persoas destinatarias.
- Levar a cabo unha **campaña de captación de patrocinadores** con potencial de financiación para as actividades do COTSG (do eido social, empresas prestadoras de SS.SS, outras empresas).

As actividades de formación están propostas atendendo á seguinte distribución:

- **Cursos Básicos**, que se corresponderían coas accións formativas propostas pola colexiación a través da convocatoria de Teleformación 2020. Son accións de carácter básico, non especializado, que se desenvolven na modalidade de teleformación. Teñen como obxectivo favorecer a accesibilidade á formación das persoas colexiadas a través dun sistema flexible que permite conciliar a vida laboral, familiar e formativa. Esta formación vai dirixida, principalmente, ás persoas recentemente colexiadas, tituladas ou ás que se atopan en situación de desemprego de cara a ampliar a súa formación e os posibles campos de traballo, conxugando a formación demandada a un custo asequible. En paralelo, tamén se consegue promover a participación das persoas colexiadas na práctica docente.
- **Formación programada desde o COTSG**: Formación de carácter especializado, tendo en conta as propostas da colexiación, as necesidades estratéxicas do colectivo e as propostas innovadoras que se estén a realizar para o Traballo Social.

Por outra banda, desde o COTSG identificáronse as seguintes áreas de interese para a profesión ás que se trata de dar resposta coas propostas formativas recollidas neste documento:

- **Saúde**: Atención á Dependencia, Saúde Mental.
- **Migracións**: Interculturalidade, Loita contra o Racismo e a Xenofobia
- **Igualdade de Xénero**: Feminismo, Traballo social e a diversidade sexual; transexualidade, Violencia de Xénero, Traballo social con mulleres prostituídas. Trata de Persoas.
- **Traballo social no Sistema Xudicial**: Menores en risco de exclusión social.conflicto ou desprotección, Responsabilidade penal do menor, Centros de cumprimento de medidas xudiciais, Institucións penitenciarias
- **Pobreza e Exclusión social**: novas situacións de crise: Urxencias sociais, Persoas sen fogar

- **Protección de Datos no traballo social.**
- **Traballo Social e TIC's:** TIC's aplicadas ao Traballo Social, Ferramentas para a docencia online.
- **Área de necesidades profesionais:** Habilidades de comunicación. Falar en público, Saúde e benestar laboral para T. Sociais, Intelixencia emocional aplicada ao Traballo Social, Xestión de conflitos e autocoidado profesional, Habilidades para docencia, Traballo social de grupos, O traballo social ante a COVID-19, Transdisciplinabilidade no traballo social, Autoemprego en traballo social: creación de empresas de axuda no fogar, constitución de cooperativas.

Esta formación pódese dividir en:

- **Formación Estratéxica,** esto é, formación especializada en áreas ou materias de interese profesional amplo, en modalidade semipresencial para incrementar a calidade e a un custo non excesivamente elevado. No caso de que a temática sexa considerada de especial interese, o COTSG podería valorar a realización da mesma con fondos propios ou de xeito cofinanciado.
- **Formación conveniada ou en colaboración:** Formación especializada subvencionada por entidades externas (Administracións Públicas, institucións ou empresas), tamén en modalidade semipresencial (virtual) e cunha duración maior ca anterior.
- **Xornadas e Pílulas formativas:** As xornadas xurden, ben a proposta do Colexio, ou ben a promovidas polos Grupos de Traballo; neste caso, desde o Colexio préstaselles apoio técnico no desenvolvemento da xornada así coma apoio económico. As pílulas formativas están pensadas para afondar en temáticas concretas e adquirir en pouco tempo coñecementos específicos. No ano 2021, entre a formación a desenvolver nesta modalidade, levaranse a cabo Pílulas formativas Específicas con acceso prioritario para os/as profesionais inscritos nas Listaxes do COTSG (Docentes, Expertos/as, Profesionais independentes, Tribunais, Mediadores/as, Peritos/as).
- **Webinars:** Plantexados como charlas específicas nun ámbito concreto sobre unha temática de actualidade, de curta duración e impartidas por un /unha profesional de referencia con coñecementos específicos na materia.
- **Formación interna:** Para que os/as profesionais que desenvolven no Colexio a súa labor podan ampliar a formación e estar actualizados/as, realizando accións formativas adaptadas ás necesidades identificadas e aos obxectivos da entidade. Unha vía para levar a cabo esta formación é a través do crédito dispoñible na bonificación das cuotas da Seguridade Social dos traballadores, a través da FUNDAE.

Trala situación de crise sanitaria, iniciada en marzo de 2020, mudou a modalidade formativa e, ante a inexistencia de garantías para programar sesións de formación presencial no ano 2021, optouse pola modalidade online con sesións virtuais, mentras continúe a situación sanitaria actual.

Co obxectivo de reforzar a difusión e facilitar á colexiación o coñecemento da oferta formativa ofrecerase ás persoas docentes a posibilidade de realizar un breve vídeo de presentación dos aspectos máis destacados da formación, difundido a través das redes sociais do Colexio.

5.4.A) Formación Profesional Continuada

As propostas recibidas e aprobadas na Convocatoria de Teleformación 2021 son:

Cursos Básicos (Teleformación)

CURSO	HORAS	DOCENTES	DATAS	ESTADO
Intelixencia Emocional e Deontoloxía Profesional aplicado ao Traballo Social	50	Emma Seoane 1. Colex.1057	16 setembro -21 outubro	PENDENTE
Creación e xestión de Centros de Día para persoas maiores	100	Lucia Fandiño Colex. 2196	03 maio-30 xuño	EN REALIZACIÓN
Traballo Social e Senior Cohousing	100	Victoria Abadía Colex. 2533	15 febreiro-14 maio	REALIZADO
Formación para a docencia. A labor formativa e docente dende o Traballo social	100	Alexia Peteiro Colex. 2 566	08 abril-30 xuño	EN REALIZACIÓN
Responsabilidade Social de Xénero	100	María Soliño Colex. 3181	15 xuño-15 outubro	EN REALIZACIÓN
Metodoloxía do Marco Lóxico aplicada a proxectos sociais	50	Diana Escobar Colex. 3769	01 febreiro-26 marzo	REALIZADO



CREACIÓN E XESTIÓN DE CENTROS DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES

100h
Online
3 de maio a 30 de xuño

Prezos:
Persoas colex: 110€
Persoas non colex.: 140€




INTELIXENCIA EMOCIONAL E DEONTOLOXÍA PROFESIONAL APLICADA AO TRABALLO SOCIAL

50h
Online

16 de setembro - 31 de outubro

Prezos:
Persoas colexiadas: 55€
Persoas non colexiadas: 75€




RESPONSABILIDADE SOCIAL DE XÉNERO

100h
Online
Sesións de videoconferencia

15 de xuño - 15 de outubro

Prezos:
Persoas colexiadas: 110€
Persoas non colexiadas: 140€



Cursos Estratéxicos

CURSO	MODALIDADE	HORAS	DOCENTES	DATAS PREVISTAS
Marketing social e xestión de redes sociais	Online con sesións virtuais	50	Chio Infante (Venditos Ax. Comunicación)	1-24 marzo SUSPENDIDO
Abordaxe do T.Social Forense con menores _ 2ª ed.	Online con sesións virtuais	50	Flor Redondo. (T. Social Forense)	15 marzo-7 maio REALIZADO
Análise e resolución de situacións problemáticas e esceas temidas na intervención social	Online con sesións virtuais	20	David Mustieles (Hacerlo Bien)	12 abril – 26 maio REALIZADO
Introdución á Ética da intervención social (Dep. Coruña)	Online con sesións virtuais	36	Natividad de la Red, María José Salvador e José A. Seoane	23 marzo – 25 maio REALIZADO
Informe Social	Online	100	Jonathan Regalado	10 maio-19 setembro EN REALIZACIÓN
Mellora das competencias profesionais a través da abordaxe humanista Gestalt	Online con sesións virtuais	12,5	Iria Conde, Lara Rodríguez	09 xuño -8 xullo PENDENTE
Xestión e Coordinación de SAF_2ª ed.	Online con sesións virtuais	35	Mónica Rodríguez, Yolanda Vilar, María Puga	1 xuño-25 xuño EN REALIZACIÓN
Formación práctica en ferramentas dixitais: Zoom, Trello, Google	Videoconferencia	8	Pablo Osorio, Ana Adán, Avelino Correa	16 xuño-7 xullo PENDENTE
Emprender en T. Social.	Online con sesións virtuais	100	Pdte.	2º semestre 2021 PENDENTE
Traballo Social no Sistema Educativo	Online	60	Pdte.	2º semestre 2021 PENDENTE
Curso Intervención Social con persoas con drogodependencia	Online con sesións virtuais	30	Pdte.	2º semestre 2021 PENDENTE
Introdución á Ética da intervención social (FEGAMP)	Online con sesións virtuais	36	Pdte.	7 setembro-28 outubro PENDENTE
Supervisión en Traballo Social	Online con sesións virtuais	20	Pdte.	2º semestre 2021 PENDENTE

TRABALLO SOCIAL FORENSE EN PROCESOS CIVÍS E PENAIS. INTERVENCIÓN CON MENORES 2ª edición

65h, 5 sesións de videoconferencia

15 de marzo a 7 de maio

Prezos:

Persoas colex. en activo: 155€

Persoas colex. en desemprego: 130€

Persoas non colex.: 190€

Proposta de Formación en Colaboración

CURSO	MODALIDADE	HORAS	DOCENTES	DATAS
Mulleres sen fogar e feminización da pobreza	Online con sesións virtuais	50	Pablo Sánchez Sonia Mariscal	23 marzo – 7 maio REALIZADO
Intervención sociocomunitaria en Saúde Mental e Inclusión	Online con sesións virtuais	50	Eva Garcés	12 abril-14 maio REALIZADO
Técnicas e ferramentas para o traballo social con grupos	Online con sesións virtuais	20	Maitane Ortega, Lorena Pla	8 setembro-27 outubro PENDENTE Incluído na proposta formativa para solicitar financiación a ACIS
Dereitos do paciente ao final da vida: Lei da Eutanasia	Online con sesións virtuais	25	Pdte.	2º semestre 2021 PENDENTE Incluído na proposta formativa para solicitar financiación a ACIS
Atención vítimas VX desde os SS.SS comunitarios	Online con sesións virtuais	100	Pdte.	Elaborada proposta para solicitar financiación á S.X. Igualdade.
Feminismos diversos: da teoría ao cambio social	Online con sesións virtuais	30	Pdte.	Elaborada proposta para solicitar financiación á S.X. Igualdade.
Tipos de violencia contra as mulleres	Online con sesións virtuais	50	Pdte.	Elaborada proposta para solicitar financiación á S.X. Igualdade.
Traballo Social en Urxencias e Grandes Emerxencias	Por determinar	Pdte.	Pdte.	Pdte. Convenio AXEGA

Proposta de Xornadas, Pílulas Formativas e Obradoiros

PÍLULAS / XORNADAS	HORA S	LUGAR	PERSOAS DESTINATARIAS	DOCENTES / PONENTES	DATA PREVISTA
Pílula formativa Tribunais e Procesos selectivos	2	Online	Colexiados/as, con preferencia inscritos/as nas Listaxes COTSG	Cristina Díaz	25 febreiro REALIZADA
Pílula formativa Fiscalidade e Facturación	2	Online	Colexiados/as	Rafael Vázquez Marta Carro	2 marzo REALIZADA
Pílula formativa en autodefensa laboral- Sector Privado e Sector Público	2	Online	Colexiados/as	Julia Álvarez	3 marzo REALIZADA
Pílula formativa Informe Pericial Social_EUTS	2	Online	Precolex. e Alumnado	Mónica Rodríguez	3 xuño PENDENTE
Pílula formativa Informe Pericial Social_FAC. OU	2	Online	Precolex. e Alumnado	Mónica Rodríguez	Pdte.
Pílula formativa MATIASS_EUTS	2	Online	Precolex. e Alumnado	Ana Fungueiriño (COTSG)	2 xuño REALIZADA
Pílula formativa MATIASS_FAC.OU	2	Online	Precolex. e Alumnado	Ana Fungueiriño (COTSG)	Pdte.
Pílula formativa Ferramentas online para docentes	2	Online	Colexiados/as, con preferencia inscritos/as nas Listaxes COTSG	Pdte.	2º semestre 2021 PENDENTE
Pílula formativa específica para Mediadores	2	Online	Colexiados/as, con preferencia inscritos/as nas Listaxes COTSG	Pdte.	2º semestre 2021 PENDENTE
Pílula formativa específica para peritos/as	2	Online	Colexiados/as, con preferencia inscritos/as nas Listaxes COTSG	Pdte.	2º semestre 2021 PENDENTE
Pílula formativa Mesas Contratación	2	Online	Colexiados/as, con preferencia inscritos/as nas Listaxes COTSG	Pdte.	2º semestre 2021
Obradoiro "Apuntes prácticos para a elaboración de Informes Sociais"	3	Online	Colexiados/as	Pdte.	2º semestre 2021
Obradoiro Permacultura	3	Por determinar	Colexiados/as	Pdte.	2º semestre 2021
Obradoiro Autocoidado	3	Por determinar	Colexiados/as	Pdte.	2º semestre 2021

Formación interna

TEMÁTICAS	MODALIDADE	HORAS	PERSOAS DESTINATARIAS	DOCENTES	DATAS PREVISTAS
9 accións para traballar a Intelixencia emocional en equipos	Sesións virtuais	6	Persoal do COTSG-XG	Identia Coaching	xuño 2021 EN REALIZACIÓN
Contabilidade	Presencial	3	XG	Xestión social	1º semestre 2021 PENDENTE

5.4.B) Novos espazos de debates - Encontros virtuais colexiais

Prevese a realización de diversos webinars ao longo do ano 2021, atendendo ás temáticas e necesidades máis relevantes nese momento. Propóñense, entre outros, os seguintes:

- Emprender en Traballo Social (11 marzo 2021)-REALIZADO
- Webinar Lei Eutanasia (27 maio 2021) - REALIZADO
- Supervisión en Traballo Social (2º semestre 2021)-PENDENTE

5.4.C) Outras actividades

1. Entrega dos Premios DMTS 2021 e lanzamento da convocatoria 2022

-O Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia (COTSG) abriu o 2 de decembro a convocatoria para a presentación de candidaturas, atendendo a 3 modalidades: Boas Prácticas, Investigación e TFG-TFM, recibindo un total de 14 candidaturas.

-A entrega de premios levouse a cabo no Día Mundial do Traballo Social 2021 a través dun acto virtual.

-Por outra banda, en novembro de 2021 levarase a cabo a convocatoria de Premios do DMTS para 2022.

2. Campaña de patrocinios.

-Continuarase coa busca de entidades patrocinadoras das actividades colexiais, iniciada no 2020. Partindo do listado de entidades con potencial de financiación para as actividades do COTSG (do eido social, empresas prestadoras de SS.SS, outras empresas), proporáselles a opción de patrocinar eventos de formación (xornadas, cursos). Para iso, elaborouse o Dossier de Patrocinadores, que recolle as actividades do COTSG susceptibles de patrocinio.

3. Presentación do servizo de Formación do COTSG na EUTS e na Facultade de T.S de Ourense

4. Preparación e xestión da Convocatoria de Cursos de Teleformación 2021

Previsiblemente, en outubro de 2021 abrírase a convocatoria de propostas para o ano 2022.

5. Solicitud e xestión de subvencións e de convenios de colaboración.
Realizaranse as tarefas de execución e xustificación das colaboracións postas en marcha. Do mesmo xeito, presentaranse as solicitudes de subvención para aquelas convocatorias formativas consideradas de interese para o COTSG.

PROPOSTA / SUBVENCIÓN	CONVOCATORIA	ENTIDADE	ESTADO
Programa de Formación Especializada para Traballadores/as Sociais de SS.SS Comunitarios	Convenio colaboración	D. X. Inclusión	En execución
Itinerario Formativo en Actuación e Prevención da Violencia de Xénero para Traballadores/as Sociais de SS.SS Comunitarios	Proposta colaboración	S.X. Igualdade	Redactada, pendente de presentación. (Valorar)
Programa de formación en Emprendemento e Supervisión	Convocatoria de subvencións (FOENAA 2021)	Deputación da Coruña	Presentada
Programa de formación especializada para T.Sociais de Saúde	Proposta de colaboración	Axencia Galega de Coñecemento (ACIS)	Enviada proposta
Introdución ao Traballo Social en situacións de Crise, Emerxencias e Catástrofes	Proposta de colaboración	Axencia Galega de Emerxencias	Enviada proposta

6. Preparación da proposta formativa solicitada pola Deputación da Coruña e organización da formación en Ética e intervención social.
7. Asesoramento en materia de formación e difusión de accións formativas de interese para a colexiación.
Atención, resolución e contestación das consultas relativas á formación COTSG e á formación externa.
Atención e resolución de consultas individualizadas sobre formación en xeral: cursos de interese por temáticas formativas ...
8. Fío Formación.
Elaboración dos contidos semanais de Formación para o Fío.

5.4.D) Publicacións – Revista Fervenzas

Fervenzas é a **Revista Galega de Traballo Social**, editada en galego e publicada polo Colexio de Traballo Social de Galicia que divulga traballos orixinais e inéditos de interese para esta disciplina profesional na nosa Comunidade Autónoma.

Valórase tamén a reprodución de traballos non inéditos se o medio de difusión, onde foron divulgados, fose de difícil acceso para os traballadores sociais de Galicia, ou ben noutro idioma diferente ao galego.

A súa distribución é gratuita e os seus destinatarios/as son as persoas colexiadas, as escolas de traballo social, os colexios oficiais de Diplomados/as en Traballo Social de España e outras entidades relacionadas co Traballo Social e cos Servizos Sociais.

Os traballos son publicados atendendo ao seu interese e ao seu valor científico e/ou profesional.

Seccións da revista

As seccións en que se encadran os traballos son:

1. Artigos: investigacións, experiencias profesionais, análises teóricas, metodolóxicas e técnicas, etc.
2. En Rede: presentación descritiva dun equipamento, programa, servizo, asociación, etc.
3. Entrevista: entrevista a persoeiros de especial interese para o Traballo Social
4. Comentario de Publicacións: comprende comentarios e opinións críticas de libros, revistas, coleccións editoriais... En definitiva, de calquera fonte documental de interese para o Traballo Social)
5. Recensión de investigación social, que inclúe fichas de teses.
6. Espazo Aberto: incluírá comentarios de documentais, filmes, páxinas web, noticias de especial interese para o Traballo Social, etc.)
7. Outros: eventualmente, divulgaranse cuestionarios, crónicas de eventos científicos de especial importancia, etc

Obxectivos da publicación

• Xerais:

1. Promover espazos de reflexión, formación e divulgación profesional.
2. Potenciar o rigor, a profesionalidade e o desenvolvemento teórico/práctica da profesión do traballo social.

• Específicos:

1. Impulsar a participación das e dos traballadoras e traballadoras sociais na difusión do seu traballo a través da escrita técnica do Traballo Social en galego.
2. Acadar que a Revista Galega de Traballo Social sexa unha publicación referente no eido social.

Destinatarios

Directos:

- As persoas colexiadas no COTS de Galicia.
- O persoal docente das Escolas Universitarias de Traballo Social de Galicia e do resto do territorio estatal.
- Os/as mozos/as estudantes de Traballo Social de Galicia e das outras comunidades autónomas.
- Aos profesionais do Traballo Social de España, a través dos Colexios Oficiais de Diplomados/as en Traballo Social de cada unha das Comunidades Autónomas.
- Administracións, empresas e axentes do terceiro sector.

Indirectos:

- Destinatarios/as indirectos/as: a poboación usuaria do sistema de servizos sociais, é dicir, toda a comunidade, especialmente familias, infancia, mocidade, muller, persoas maiores, persoas con discapacidades, persoas dependentes.

Fases

• Fase I: Preparación da publicación:

1. Reunión da mesa, se procede.
2. Elaboración de anuncio de apertura de prazo para a presentación de traballos.
3. Difusión na web e fio

• Fase II: Recepción de artigos

1. Primeira revisión de cuestións formais (extensión, encaixe na sección, formato e estrutura)
2. Contacto cos autores/as se procede.
3. Arquivo de solicitudes de publicación e textos para a revista
4. Elaboración de esquema de resúmen e seguimento
5. Envío textos a mesa de redacción por correo electrónico

• Fase III. Revisión Fervenzas

1. Convocatoria de reunión da mesa de redacción.
2. Reunión e posta en común da revisión dos textos da mesa de redacción.
3. Elaboración da acta da reunión
4. Reenvío a autores/as para corrección ou mellora segundo as propostas da mesa.
5. Recepción de textos corrixidos e revisión da corrección
6. Envío de textos a Política Lingüística para revisión do galego
7. Achega de textos en inglés se é preciso
8. Envío a imprenta
9. Revisión de textos en fase de maquetación previa á impresión.
10. Validación previa a impresión

• Fase IV. Publicación e Distribución

1. Elaboración de certificados de autor/a para o envío canda os exemplares en papel
2. Preparación dos envíos para a súa distribución pola empresa (antes era Impacta e e este último envío foi por Sermoja)
3. Publicación na web do COTSG
4. Envío dos textos a Dialnet.

Cronograma

MES	Xaneiro-Febr.	Marzo – Abril	Maio - Xuño	Xullo - Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Dicembro	Xaneiro
Fase I. Preparación da Publicación									
Fase II. Recepción de Artigos Fervenzas									
Fase III. Revisión Fervenzas									
Fase IV. Publicación e Distribución, Fervenzas									

Plan de actividades 2021

1. EDICIÓN REVISTA

Está previsto realizar no segundo semestre do ano 2021 as actividades comprendidas nas Fases I (reunión virtual para a preparación do nº 24 da revista e presentación da nova membro da mesa de redacción), así como ás correspondentes ás Fases II e III.

2. DIXITALIZACIÓN

Actualmente a revista publícase na web na zona de acceso público en formato pdf. Tamén se publica en Dialnet, co desglose individual de artigos. Por outra parte, a comunicación cos autores/as e integrantes da mesa de redacción realízase a través de correo electrónico e reunión presencial ou (no último ano) por Zoom.

A dixitalización da revista ten como finalidade facilitar a busca por artigos e autores/as, así como promover unha maior visibilidade a través da difusión dos diferentes traballos publicados en Fervenzas a través das redes sociais.

De seguirse a proposta realizada ao COTSG para a dixitalización da revista, prestarase a información e asesoramento preciso para o desenvolvemento do sitio web específico de publicación e xestión das tarefas inherentes á revisión da mesma.

3. ESTRATEXIA DE COMUNICACIÓN PARA FERVENZAS

En colaboración co servizo de comunicación co COTSG promoverase a elaboración

dun plan de comunicación específico para Fervenzas –calendarizado– cos seguintes obxectivos:

- Fomentar a cultura sobre a escrita e produción científica en traballo social así como sobre a importancia de retroalimentar a teoría desde a práctica, e viceversa.
- Proporcionar/lembrar ferramentas para mellora de técnicas de redacción, mediante documentos específicos sobre a materia, o coñecemento das normas de publicación na revista, das normas APA, etc.
- Despertar/manter o interese arredor da revista mediante recordatorios sobre prazos de presentación de traballos na revista, eventos de interese relacionados, vantaxas de publicar, etc.
- Realizar campañas puntuais de motivación á escrita na revista ou en determinadas seccións, en función dos traballos que se vaian recibindo, coa finalidade de estimular a cobertura daquelas seccións nas que hai escaseza de produción.

4. COORDINACIÓN CON OUTRAS REVISTAS CIENTIFICAS DE COLEXIOS PROFESIONAIS DO TERRITORIO ESTATAL

Logo da reunión mantida día 27 de abril de 2021 cos directores e directoras de revistas científicas de outros colexios profesionais (representantes das revistas: RTS, Trabajo Social Hoy, Ts Nova, DTS y TS difusión, Transformación y Servicios Sociales y Política Social, e Fervenzas) formulouse proposta polo convocante de elevar ao Consejo de Redacción da Revista do CGTS para ver cómo darlle continuidade aos temas tratados na reunión, que foron os seguintes:

- a. Elaborar un posible documento de boas prácticas
- b. Selo que identifique a estas revistas avalado polo Consello Xeral
- c. Formación para a indexación das revistas
- d. Como abordar a motivación para escribir e a captación de artigos
- e. Difusión en redes sociais, tanto antes da publicación dos artigos, como despois
- f. Avaliadores: captación con capacitación e como recompensar base de datos común? bolsa?
- g. Proceso de avaliación e decisión para aceptar ou non un artigo
- h. Normas de publicación posibilidade de compartir
- i. Aberto a todo tipo de revistas tanto máis científicas como máis divulgativas
- j. Patrocinio e subvenciones
- k. Plaxio / ética
- l. Espazo en congreso para a difusión das revistas
- m. Compartir contactos e correos

En razón do compromiso adquirido prevese seguir dando resposta á colaboración entre as revistas da maneira que se acorde.

Revista Galega de
TRABALLO SOCIAL

5.4.E) Investigacións

O propósito desta liña de traballo é potenciar e investir en investigacións sociais, como desenvolver proxectos de investigación; colaboración coas universidades e alumnado para potenciar a difusión nas investigacións –para elo levamos a cabo unha sección propia na WEB visibilizar as investigacións–; Propoñer á Administración unha análise da situación actual do sistema de Servizos Sociais na Comunidade Autónoma; Intercambio de publicacións, traballos de investigación e calquera tipo de materiais académicos que resulten de interese, etc.

Segue a ser unha sinatura pendente a investigación desde o traballo social, cada vez hai mais profesionais que investigala e por iso queremos facer fincapé nas accións mencionadas.

Asemade, queremos potenciar a motivación pola escritura e a investigación da nosa colexiación, para elo, elaboraremos material divulgativo, campañas e cartaces nas redes, unido coa petición do COTSG á colexiación de formar parte da Revista Fervenzas.

5.5 ÁMBITOS/ÁREAS DE INTERVENCIÓN

5.5.A) Servizos Sociais Comunitarios Básicos

A importancia e necesidade do persoal técnico dos Servizos Sociais dentro da crise de emerxencia sanitaria na que nos atopamos, foi plenamente confirmada pola publicación no Boletín Oficial do Estado o pasado día **26 de marzo de 2020 da Orde SND/295/2020** pola que se adoptan medidas en materia de recursos humanos no ámbito dos servizos sociais ante a situación de crise ocasionada pola COVID-19. **A Orde declara aos Servizos Sociais como esenciais en todo o territorio nacional**, como medida para protexer o benestar, a saúde e a seguridade da cidadanía na loita contra a COVID-19. Entendendo por servizos esenciais os necesarios para o mantemento das funcións sociais básicas: a saúde, a seguridade, o benestar social e económico da cidadanía e o eficaz funcionamento das institucións do Estado e as Administracións Públicas.

Tras o coñecemento da situación de deterioro que están a ter os Servizos sociais comunitarios, o COTSG considera imprescindible avanzar a un sistema de servizos sociais baseado nas necesidades sociais de todas as persoas. É esencial reforzar o sistema de servizos sociais galegos, pois é un servizo de proximidade á cidadanía e pode concentrar intervencións integrais para cada situación.

Neste senso, os obxectivos a acadar son os seguintes:

- Aumentar ratios de persoal para reducir a burocracia e fomentar a intervención. Reivindicamos os ratios recomendados desde o máximo Órgano Estatal, o Consejo General de Trabajo social:
 - 1-Traballadora/or social por 1700 habitantes
 - 2-Centro de Servizos Sociais por cada 15.000 habitantes
 - 3-Traballadora/or social en todos os equipos de valoración
- Reclamar e revisar os convenios e categorías profesionais, garantindo emprego e salarios dignos
- Reivindicar como reserva de actividade das e dos traballadores sociais proporcionar un diagnóstico social e un ditame propio, sendo instrumentos exclusivos do Traballo Social,

para a valoración, intervención e emisión de informes sociais coas persoas usuarias de Servizos Sociais.

- Loitar pola unificación das ferramentas telemáticas co obxecto de evitar duplicidades da información, que é de especial protección segundo a lexislación en materia de protección de datos.
- Incidir na importancia de perfís profesionais diferenciados, cada un deles actuando e intervindo segundo a súa función dentro dos equipos interdisciplinares
- Instar a todas as entidades locais da Comunidade Autónoma a rexeitar que os servizos sociais comunitarios, asuman calquera proceso de xestión vencellado á tramitación de solicitudes do Ingreso Mínimo Vital (IMV).

Esta Xunta de Goberno, como defensora dos servizos sociais públicos, pretende apostar forte por esta realidade así como visibilizar e reclamar as diferentes eivas existentes nos mesmos.

Nesta lexislatura estase a poñer o foco na reivindicación e construción dun Novo Modelo de Sistema de Servizos Sociais, que contemple: un aumento de ratios de persoal, a homoxeneización de salarios, a redución da burocratización e xestión en prol da intervención social, a garantía de dereito subxectivo para as persoas usuarias, a calidade dos procesos selectivos, etc.

Para este obxectivo trabállase na mellora da normativa autonómica e local, propóñense ambiciosas liñas de investigación, reclámase á Administración todo aquilo que se entende inxusto, tanto para as persoas usuarias como para os/as traballadores/as sociais.

O Colexio conta dentro da súa estrutura colexial, co obxectivo de ser unha ferramenta activa de compromiso coa profesión, cun grupo de traballo específico de SS.SS. comunitarios, o cal traslada e pon en coñecemento do COTSG de xeito continuo as dificultades e eivas que van xurdindo neste ámbito.

5.5.B) Saúde

O Real Decreto 463/2020 e o Real Decreto-lei 10/2020, do 29 de marzo, identifica como profesionais esenciais ás/ós Traballadoras/es Sociais que exercen o seu labor no campo sanitario, prestando un servizo esencial para o mantemento das funcións sociais básicas, a saúde, e o benestar social das persoas doentes.

Desde o Colexio Oficial de Traballo social de Galicia, consideramos que é preciso contribuír que as novas normativas que regulen o acceso á asistencia sanitaria e á protección da saúde o fagan desde o recoñecemento deste dereito básico e universal. Todo isto en igualdade con outros dereitos e servizos e por uso debe traballarse na vertebración do sistema sociosanitario, actualmente moi desartellado no noso territorio.

Neste senso, a prioridade desta Xunta de Goberno é velar pola **Defensa do Traballo social como profesión sanitaria**, comprometida co seguinte:

- Loitar na cobertura de vacantes e paralización de amortización de prazas de Traballo Social no eido da saúde.
- Consegurir máis presenza e contribución das e dos profesionais do Traballo social, tanto na atención primaria como na especializada

- Apostar por Direccións ou Subdireccións de Procesos Sociais Sanitarios que potencien o Traballo Social como recurso especializado no eido da saúde, como xa se está a plan-
tear noutras Comunidades Autónomas
- Coordinación eficaz e imprescindible co Sistema de Servizos Sociais comunitarios
- Conseguir dotación orzamentaria e de contido para o Plan Sociosanitario
- Esixir a necesidade **dunha planificación e dotación axeitada de recursos de Traballo social no Servizo Galego de Saúde**, coa finalidade de cumprir cos obxectivos de suficiencia de recursos, transparencia e coordinación de forma plena.
- Dependencia Orgánica e funcional do Traballo social sanitario en Servizos centrais
- Apostar por unha intervención integral de carácter bio-psico-social.
- Defender o traballo social nos diferentes ámbitos sociosanitarios especializados e a súa coordinación: saúde mental e adiccións, atención temperá, enfermidades crónicas, enfermidades raras, etc.

5.5.C) Inclusión

Desde este ámbito reivindicamos que é imprescindible consolidar, mellorar e reforzar o Sistema de Benestar desde os diferentes Sistemas de Protección (Educación, Sanidade, Servizos sociais, Emprego, Vivenda, Xustiza, etc.), quedando as prestacións como algo complementario e situadas no espazo e sistema que corresponda.

Asemade, entendemos que para elo debería de consolidarse un Sistema de Garantía de rendas que goce a condición de dereito subxectivo ao obxecto de reducir os indicadores de pobreza estrutural, desigualdade e mellorar a calidade de vida da cidadanía.

Esta entidade elabora un documento de [Análise da Inclusión Social na Comunidade Autónoma Galega](#) onde se plasman as eivas detectadas no sistema de Servizos Sociais actual.

En relación coa **aprobación do Ingreso Mínimo Vital** e a súa convivencia coa renda autonómica galega, elaborase un documento de [consideracións](#) ante as novas medidas de reforzo do IMV.

Este ano, a raíz da nova realidade no eido da inclusión, foi creado a demanda dun grupo de persoas colexiadas un **grupo de traballo de inclusión** que presenta nun [documento](#) propio as súas liñas de acción, obxectivos e funcións.

5.5.D) Educación

Neste momento de crise social e sanitaria, tendo coma referencia a última crise onde a infancia chegou a ser o grupo máis pobre de España, dende o Colexio de Traballo Social entendemos como prioritaria a adopción de medidas asistenciais e protectoras concretas, sendo necesario e imprescindible **detectar e paliar de xeito áxil, eficaz e operativo as consecuencias socio económicas sobrevidas ás familias e as súas crianzas desde a primeira porta de entrada, os Centros escolares.**

O Traballo Social Educativo é fundamental para mellorar as posibilidades de aprendizaxe do alumnado, reducir o efecto das desigualdades socioeconómicas entre o alumnado, diminuír o risco de fracaso e abandono escolar do alumnado máis desfavorecido, favorecer a integración do alumnado migrante ou pertencentes a minorías, mediar entre a familia e a escola,

favorecer a participación das familias, abordar as situacións de conflito entre alumnos, orientar e asesorar ao profesorado e ao centro educativo achegando a perspectiva social.

Cada vez é mais necesaria a **recuperación** e presenza do perfil do Traballo social nos centros educativos. Os problemas dunha sociedade complexa, rexida por principios de incerteza que afronta novas situacións como os movementos migratorios, cambios nos modelos familiares, globalización da economía, o desenvolvemento das novas tecnoloxías e a súa influencia na infancia e adolescencia, violencias diarias que afectan principalmente ás mulleres (violencia de xénero) e a crianzas (bullying, etc.) requiren dunha intervención profesionalizada e interdisciplinar.

En conclusión, a misión do traballo social no ámbito educativo é responder ás necesidades do alumnado que se atope en vulnerabilidade por calquera circunstancia á vez que abordar os aspectos relacionados coa convivencia. Todo iso desde un enfoque tanto individual como familiar e grupal. Desde accións de prevención, detección, avaliación, intervención e seguimento, establecendo a coordinación precisa cos distintos profesionais e recursos comunitarios.

O Colexio Oficial en conxunto co Grupo de Traballo de Educación temos o **compromiso de poñer en valor esta figura** para toda a cidadanía, así como continuar coas reunións previstas con todos os grupos parlamentarios políticos, organizacións sindicais, ANPAS e Consellería de Educación, ademais de seguir trazando liñas de colaboración coas demais comunidades Autónomas coas que contan con esta figura.

Para elo, os obxectivos a levar a cabo son os seguintes:

- Visibilizar a figura do Traballo social educativo a través do Grupo de Traballo en Educación e mediante campañas nas RR.SS.
- Incluír a figura do Traballo social nos equipos interdisciplinares dos Centros Educativos para intervir sobre todos os axentes da comunidade educativa
- Garantir esta figura profesional nos centros de acción educativa singular, centros de Educación especial e aqueles que polas súas características e especial dificultade o requiran
- Trazar liñas de colaboración coa Consellería de Educación para que o Traballo Social sexa figura referente en formación aos equipos directivos e ao profesorado en materia de risco e desamparo de nenos, nenas e adolescentes.



5.5.E) Feminismos / Igualdade

Esta Xunta de Goberno está comprometida con poñer en valor a perspectiva de xénero na análise e tratamento das necesidades sociais, nas súas demandas e propostas para facer da convivencia persoal e social un espazo de igualdade, liberdade e solidariedade.

Pretende tamén crear un **espazo de loita e debate**, onde se potencie o activismo social feminista para sensibilizar, protexer e impulsar os dereitos do colectivo feminino dentro de calquera eido da sociedade.

Consideramos que o Traballo Social ten que poñer en valor o seu compromiso en aplicar o principio de igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, de modo que denunciemos os escenarios de violencia existentes, e en particular o asasinato constante ano tras ano, a mulleres polo feito de selo.

Neste senso, o COTSG crea a **Comisión Técnica de Igualdade** que se suma ao resto de accións que estamos a elaborar:

- Romper cos modelos sexistas e abrindo foros de reflexión cara un mundo feminista e sostible.
- Mudar o Decreto que regula aos Centros de Información ás mulleres para que inclúa de xeito permanente e específico ás e ó Traballadores Sociais. A Comisión Técnica de Igualdade do COTSG xunto con esta entidade está a traballar nesta materia.
- Incluír a figura do Traballo social nos Corpos de Seguridade nas Unidades de Familia e Violencia de xénero
- Reforzo das Oficinas de Atencións ás vítimas e a creación de Oficinas de denuncias específicas de Violencia de xénero dotadas dun equipo interdisciplinar. Para isto, o COTSG está en negociacións coa Dirección Xeral de Xustiza da Xunta de Galicia e a Secretaría Xeral de igualdade
- O Grupo de Traballo social e feminismos elabora, en conxunto co departamento de comunicación, a campaña en redes sociais polo 8 de marzo “Sabías que...”, onde se salienta a contribución científicas, sociais, etc da muller ao longo da historia e se combate a súa invisibilización.



5.5.F) SAF

Esta Xunta de Goberno amosou a súa preocupación dende o inicio da lexislatura sobre a problemática actual do SAF.

O obxectivo último nesta área é **poñer en valor o dito servizo**, reformulalo cara ao futuro e visibilizar todas as súas eivas en prol da súa mellora.

A Xunta de Goberno está comprometida para contribuír e compartir as problemáticas máis comúns na xestión e coordinación dos Servizos de Axuda no Fogar tanto públicos como privados, traballar na creación de modelos, protocolos e ferramentas de traballo que contribúan a mellorar a xestión do servizo, realizar propostas ou modificacións para reclamar ás administracións a nivel normativo e de inspección, valorar a situación laboral dos/as técnicos/as de xestión do SAF tanto a nivel de ratio como de función.

Dende o **Grupo de Traballo de SAF** foron elaborados varios documentos para visibilizar con maior claridade a problemática actual deste servizo:

- [Consideracións do grupo de traballo de SAF sobre a xestión da Covid neste servizo](#)
- [A verdadeira cara do SAF. Problemáticas, abusos e deficiencias dun sector en auge](#)
- Consideracións do grupo de traballo de SAF do COTSG para a reformulación e mellora do SAF
- Consideracións do grupo de traballo de SAF do COTSG ante a organización da campaña de vacinación COVID 19

Para o traballo de creación de modelos, protocolos e ferramentas foi creada a Mesa de Traballo de SAF, que está a traballar no borrador dun modelo de ordenanza municipal que se axuste á realidade actual.

5.5.G) Xustiza

Este Colexio Profesional ven detectando nos últimos anos diversas necesidades relacionadas co Traballo Social no ámbito da Administración de Xustiza cuxa atención urxente resulta primordial.

Concretamente cómpre atender ás **mulleres que sofren violencia de xénero en Galicia** así como prestar unha atención social de calidade á cidadanía dende os xulgados, hoxe inexistente.

Nestas liñas apostamos, por unha banda, por garantir unha atención integral das vítimas de violencia de xénero desde o inicio ata a finalización do procedemento xudicial, implantando **Oficinas de denuncia e información específica para as vítimas**, ademais do reforzo do persoal das **Oficinas de Asistencia ás Vítimas do Delito**.

Asemade, informamos á Dirección Xeral de Xustiza do **incremento da carga de traballo dos Servizos sociais Comunitarios** —xa sobrecargados pola situación de crise económica e social— ante a solicitude de informes sociais por diferentes casuísticas aos mesmos, evidenciando unha necesidade de incluír a Atención social dentro dos propios xulgados. Neste senso, esta entidade propón á Xunta de Galicia a **creación de Oficinas de Atención social** implementadas no sistema xudicial, onde poidan dar cobertura á demanda xerada por ou-

tras situacións sociais que xurden dos procesos xudiciais iniciados (separacións e divorcios, custodias e medidas paternofiliais, modificacións da capacidade, dereitos das persoas, desfiuzamentos, etc.) e están a ser asumidos na maior parte polos Servizos Sociais Comunitarios Básicos.

Queremos traballar coa Administración de Xustiza na elaboración de protocolos, potenciando a figura do Traballo social, así como coas profesionais existentes, as asociacións e entidades constituídas na súa contorna, facilitando lineas de formación e investigación.

De xeito complementario, lémbrese aos diferentes partidos xudiciais, que mentres non se estableza a dotación pública ideal, poder facer uso da **Listaxe de Peritaxe** do COTSG e así poder atender á demanda existente.

5.5.H) Exercicio Libre

Dende o COTSG preténdese dar forza a unha nova mirada para o traballo social, onde a través do exercicio libre da profesión se visibilicen novos nichos de mercado, novas alternativas e se compartan experiencias laborais neste eido.

O Traballo Social abarca moitos ámbitos de intervención, existindo espazos sen descubrir onde o Traballo Social si ten cabida. Neste senso, unha liña estratéxica a seguir e dotar de formación a colexiación sobre emprendemento para cubrir espazos de Traballo social onde o público non pode chegar.

O Colexio conta co **Grupo de Traballo en exercicio libre** para traballar e facer novas propostas neste eido. Neste 2021, foi elaborada unha [Guía de recursos para o exercicio libre en Traballo Social](#).

5.5.I) Infancia e Familia

A Xunta de Goberno está comprometida coa necesidade dunha política pública galega de protección á familia e á infancia. É necesaria unha análise do Sistema actual e do seu funcionamento, co obxectivo de visibilizar e dar a coñecer o seu estado, poñendo en valor a figura do traballo social e reclamando as diferentes eivas detectadas en canto a ratios, funcións dos equipos, especialización, coordinación e planificación, supervisión, etc.

Para isto, o COTSG crea a **Comisión de Infancia e familia**, que neste momento está a traballar na elaboración dunha diagnose sobre este sistema de protección e as súas debilidades e fortalezas co obxectivo de trasladalo á Consellería competente. Ademais, aproveitando a aprobación da Lei Orgánica de Protección da infancia a nivel estatal, a Comisión, en colaboración co Departamento de Comunicación, vai presentar unha campaña no mes de xuño onde se recollen nun decálogo as principais eivas detectadas en base a experiencia directa do traballo cos nenos, nenas e as súas familias.

5.5.J) Emerxencias e Grandes Catástrofes

Tendo en conta que Emerxencias son aquelas situacións de risco colectivo sobrevida por un evento que pon en perigo inminente a persoas ou bens e esixe unha xestión rápida por parte dos poderes públicos para atendelas e mitigar os danos e tratar de evitar que se converta nunha catástrofe, o COTSG [elabora unha proposta de colaboración](#) coa Xunta de Galicia, tendo o obxectivo de establecer os procedementos e protocolos de actuacións para a

Integración e Formación do Grupo de Intervención Social en Emerxencias e Catástrofes. A necesidade de proporcionar asistencia social que garanta unha adecuada atención e apoio ás vítimas e familiares das diferentes emerxencias ocorridas ou que se podan producir na Comunidade Autónoma de Galicia, pon de manifesto a necesidade de impulsar a colaboración entre o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia e a Xunta de Galicia.

As/os traballadores/as sociais son as/os profesionais especializados en axudar a persoas, familiares, grupos, colectividade e organizacións na resolución dos seus diversos problemas e necesidades persoais e sociais, máxime cando o ser humano está nunha situación de perigos, ameaza, perda ou destrución. Ditas/os profesionais, polo seu dominio e capacidade de mobilización dos recursos da zona de referencia e o seu recoñecemento como figuras de proximidade á cidadanía, sitúanse como pezas claves na resolución da emerxencia. Neste senso, co obxectivo da creación dun Grupo de Traballo social en emerxencias e Grandes catástrofes, estamos elaborando formación convenida coa Xunta de Galicia para dotar de ferramentas e coñecementos á colexiación galega.

5.5.K) Dependencia e Discapacidade. Sistema de Coidados

O COTSG aposta por un novo modelo de coidados de promoción á autonomía persoal e unha política de coidados con carácter transversal e sólido, adaptada ás características de cada territorio e descentralizada. Reclama a revisión do sistema tradicional e visibiliza as súas debilidades, deficiencias e necesidades.

A posta en valor da atención ás persoas en situación de dependencia e a promoción da súa autonomía persoal constitúe un dos grandes retos desta Xunta de Goberno. Para visibilizar a situación, o Colexio elaborou unha [Análise do Sistema de Atención á Dependencia en Galicia](#).

5.5.L) Ética e Deontoloxía

O Colexio, a través da súa actual Xunta de goberno, consciente desta situación e necesidade, establece como eixo estratéxico e transversal do seu plan de traballo, o **compromiso ético** coa profesión e a **defensa dos valores e principios**, en prol do bo cumprimento do noso código deontolóxico, impulsando e potenciando a formalización da **Comisión Deontolóxica e de Ética Profesional**.

Partindo da contribución do Traballo Social á humanización das organizacións, así como a mellora dos dereitos da cidadanía iníciase unha liña de traballo tendente ao posicionamento do liderado do Traballo Social no proceso de construción dunha ética compartida na propia profesión (colaborando nunha rede de Comisións deontolóxicas a nivel estatal) e polo tanto nos diferentes sistemas de benestar e en concreto, o **sistema sanitario (comités de bioética)** e o **sistema de servizos (comités de ética de Servizos Sociais)**.

A Comisión Deontolóxica é un órgano consultivo e colexiado da Xunta de Goberno do COTSG. Asesora en materia de ética e deontoloxía profesional, así como en relación ás necesidades, demandas e cuestións que se susciten ou se lle soliciten e teñan que ver coas funcións da organización colexial e o exercicio da profesión. Desde a Comisión propónse preservar os valores e os principios do Traballo social e garantir unha boa praxe. Levarase a cabo campañas de difusión desde o departamento de Comunicación. Asemade, elaboraranse deseños de accións formativas vinculadas a contidos da praxe ética e deontoloxía profesional.

5.5.M) Vulnerabilidade e Despoboamento do Rural

Nas últimas décadas, o crecemento da vulnerabilidade e a exclusión social, mostra as súas consecuencias no aumento das desigualdades entre rexións, cidades e territorios. Desde o COTSG queremos poñer o foco na **despoboación rural e na vulnerabilidade urbana**. A concentración de cada vez mais persoas en áreas urbanas complica a sostenibilidade da sociedade.

A multidimensionalidade dos territorios vulnerables e a multiplicade de causas que determinan a súa aparición implica un estudo dos mesmos desde unha visión holística onde sexan contempladas diferentes perspectivas: socio-cultural, económica, urbanística, institucional, sanitaria, xeográfica, educativa e institucional, entre outras.

O ODS número 11 fala da importancia do equilibrio entre o rural e o urbano, así como da importancia de fomentar a existencia de comunidades sostibles. Para lograr este obxectivo é moi importante que moitas persoas decidan vivir nun entorno rural ou natural. O mundo rural é un laboratorio clave para a transformación e para a creación de contornas menos vulnerables.

O noso interese é visibilizar, ante a sociedade e administracións, o papel da profesión do Traballo social na promoción da sostenibilidade relacional do territorio rural e evitar o despoboamento. Desde mediados dos 00 as e os traballadores sociais estamos presente en todos e cada un dos pobos e territorios rurais traballando pola autonomía funcional de todas as persoas sempre dando especial importancia á permanencia do seu entorno. Ademais somos promotoras de todas unha rede de apoio primario que fortalece a comunidade ante calquera desaxuste social das persoas ao longo da súa vida.

Neste senso, é necesario dar soporte a aquelas compañeiras que traballan no rural e poñer unha mirada transeversal do Traballo social no rural en todas as accións a realizar.



5.6 COMUNICACIÓN E REDES SOCIAIS

A comunicación externa do Colexio lévase a cabo a través de tres vías principais: notas de prensa, páxina web e redes sociais.

- **Notas de prensa:** o Colexio diríxese aos medios en defensa da profesión ([reclamación](#) da vacinación para o Traballo Social sanitario), das persoas usuarias dos servizos sociais ([reclamación](#) da Xunta da RISGA) ou para dar conta de iniciativas do COTSG ([renovación](#) do convenio da Quenda de Traballo Social en Violencia de Xénero).
- **Páxina web:** actualizada periodicamente con cada nova información do Colexio.



- **Redes sociais.** Ademais de contidos puntuais e específicos vinculados á actividade do Colexio, a datas concretas ou á actualidade relacionada co Traballo Social, as redes do COTSG son escenario de campañas comunicativas específicas, entre as que salientan.
 - Campaña polo 8 de marzo, con [vídeos](#) explicativos “Sabías Que” en colaboración co grupo de Traballo Social e Feminismos e elaboración de [vídeo](#) polo 8 de marzo.
 - Campaña sobre o [Informe Social](#), co obxectivo de concienciar ás e ós profesionais do traballo social sobre a importancia do informe social.
 - Campaña de posta en valor do Exercicio Libre como alternativa laboral no Traballo Social, en colaboración co Grupo de Traballo Social e Exercicio Libre.
 - Campaña sobre Deontoloxía Profesional, co obxectivo de impulsar a reflexión arredor da deontoloxía profesional no exercicio do Traballo Social. En colaboración coa Comisión Deontolóxica.
 - Campaña sobre Protección da Infancia en Galicia para dar a coñecer as eivas existentes no ámbito, realizada en colaboración coa Comisión de Infancia e Familia.

Algunhas campañas e creatividadeas desenvoltas no primeiro semestre de 2021



Captura da campaña
#SabiasQue polo 8-M



Difusión da revista Fervenzas



Creatividade para reivindicar o papel do Traballo Social para o acompañamento social e non a fiscalización



Creatividade Día das Letras Galegas



Creatividade para reclamar a vacinación no Traballo Social



Campaña puntual polo Día do Libro 'Libros para unha lectura social'. Implicouse ás seguidoras do COTSG en redes sociais para que colaborasen con suxestións de libros que tivesen no social o seu eixe. Coas contribucións recibidas elaborouse e difundíuse unha creatividade con títulos e nomes diversos.

Os obxectivos en Comunicación para 2021 son:

- Manter unha presenza frecuente en medios de comunicación mediante a difusión dun mínimo de 12 notas de prensa ao ano.
- Introducir na axenda pública as propostas do COTSG para superar as consecuencias sociais da pandemia de COVID-19.
- Continuar dando a coñecer a profesión e velar pola súa imaxe pública en medios de comunicación.



- Coordinarse cos distintos grupos de traballo e comisións para dar a coñecer a súa actividade e trasladar socialmente as súas consideracións.
- Continuar a difundir as actividades formativas levadas a cabo polo Colexio.
- Proporcionar os materiais gráficos de apoio para a actividade pública do COTSG (merchandising, publicacións, cartelería...).
- Velar por unha representación e tratamento mediático respectuosa coa dignidade persoal dos colectivos vulnerables.



Noticia degradante para cunha persoa sen teito publicada na edición local de La Voz de Galicia que motivou unha queixa formal e unha solicitude de retirada da mesma por parte do Colexio. Petición que La Voz de Galicia procedeu a cumprir, pódose o autor da mesma en contacto co Colexio para informalo.



Creatividade en redes sociais en resposta á criminalización de colectivos vulnerables en base a intereses político-electorais.

5.7 ACCIÓN SOCIAL

O Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia continuará participando en todos aqueles espazos onde se traballe polos dereitos sociais e estean acorde co Código Deontolóxico do Traballo social.



6. REGULAMENTO INTERNO COTSG

Esta Xunta de Goberno ten o compromiso de elaborar un Regulamento Interno, con posterior votación en Asemblea nesta candidatura.

O obxecto do mencionado Regulamento é regular o funcionamento interno do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia, mediante o desenvolvemento do contido dos Estatutos colexiais aprobados mediante o Decreto 47/2017, do 27 de abril. Se ben os Estatutos regulan a vida corporativa do Traballo Social galego, como toda norma xeral, necesitan un desenvolvemento que complemente as cuestións concretas nas que o Colexio desprega a súa actividade. Os propios Estatutos ao longo de todo o seu corpo normativo contemplan esta necesidade.

A diversidade, o dinamismo e adaptación constante ás necesidades de cada momento son os principios de organización da estrutura colexial. A necesidade de prestar servizos e regular coherentemente a actividade levou a proliferación de documentos que regulan aspectos parciais da mesma. O regulamento de réxime interno é o documento que ten a vocación de recoller toda esta produción normativa integrándoa nunha unidade.

O presente regulamento nace fundamentalmente para: Facilitar o funcionamento dos diferentes órganos e estruturas de traballo que conforman a dinámica colexial; Favorecer a participación de todos/as os/as colexiados/as no desenvolvemento da dinámica colexial; Impulsar unha organización eficaz no desenvolvemento das funcións do colexio; Lembrar e fixar os dereitos e deberes de cada un dos órganos que compoñen o colexio. Na súa virtude, o presente documento ten como misión ser o soporte regulamentario da actividade e funcionamento do COTSG, dende a flexibilidade e a adaptación funcional a realidade desta organización.

Para a realización desta labor, o texto contén elementos básicos da organización colexial non recollidos na redacción dos Estatutos, como aspectos dos órganos de goberno non desenvolvidos, de persoal, da colexiación ou dos servizos, visados, portal da transparencia, xanela única ou o servizos do COTSG.

Na aplicación do establecido nos Estatutos, tomando como referencia o Código Deontolóxico do Traballo Social, e co fin de regular procedementos para a execución de accións tendentes ao cumprimento dos obxectivos do Colexio, presentarse o Regulamento Interno en Asemblea sen que en ningún caso poida contravir de ningunha maneira a lexislación vixente, nin o disposto nos Estatutos Colexiais.

7. ELECCIÓN XUNTA DE GOBERNO 2021

Nesta última candidatura desta Xunta Goberno, temos o compromiso de revisar o Regulamento electoral coa finalidade de actualizar e mellorar a accesibilidade e a inclusión da colexiación, mediante unha campaña divulgativa en redes e a adaptación de novas tecnoloxías.

Ademais, queremos potenciar a motivación da colexiación no desenvolvemento de programas de candidatura para as eleccións, profesionais convencidos e convencidas da importancia da institución e da estrutura colexial do noso Colexio para a promoción e defensa da profesión, así como dos dereitos sociais de toda a cidadanía.

CALENDARIO ELECTORAL

- **01 de outubro:** Convocatoria de eleccións.
- **02 de novembro:** Publicación da listaxe das colexiadas con dereito a voto.
- **05 de novembro:** Finaliza prazo de reclamacións (3 días hábiles para presentar reclamacións desde a publicación da listaxe).
- **10 de novembro:** Data límite para resolver.
- **11 de novembro:** Publicación da listaxe definitiva de colexiadas elegibles e electoras + Anuncio de candidaturas.
- **18 de novembro:** Finaliza prazo de reclamacións (5 días hábiles para presentar reclamacións ás candidaturas).
- **23 de novembro:** Data límite para resolver reclamacións.
- **24 de novembro:** Publicación definitiva das candidaturas.
- **17 de decembro:** Celebración das Eleccións.





Colexio Oficial de
Traballo Social
de Galicia